



CONSELLOS/ ORIENTACIÓNS PARA O VERÁN E O PRÓXIMO CURSO

LINGUAXE

A linguaxe é o medio que facilita a aprendizaxe, e canto mellor sexa, tanto a nivel expresivo como comprensivo, maior será o rendemento do alumno/a nas súas tarefas escolares.

O uso correcto da linguaxe oral facilita a adquisición da lectura e a escritura, fundamentais no desenvolvemento dos nenos/as.

Cando na familia existe un ambiente estimulante do desenvolvemento lingüístico estamos contribuíndo a proporcionarlle un instrumento que lle facilitará a adaptación social e un mellor desenvolvemento persoal.

Os consellos e orientacións son:

1. **Dedicar un tempo diario** para estar co neno/a e falarlle; podemos aproveitaras situación cotiás de xogo, comida, baño...

2. **O neno/a non aprende soamente oíndo**, necesita practicar en interacción co adulto, e podemos usar para eso: contos, cancións, adiviñas, describir debuxos...

a) Contarlle contos e facelos partícipes da historia é positivo tanto para o desenvolvemento da linguaxe como para o seu desenvolvemento emocional.

b) Ao cantar e escoitar as cancións o neno/a aprende con facilidade palabras e estruturas sintácticas novas, potenciando, ao mesmo tempo, a memoria auditiva e a entoación.

c). Realizar xogos de: recoñecemento de sons na contorna (moto, timbre...) Imitación de sons, ruídos e palabras. Movementos de beizos (sorrir, bicar...) Movementos da lingua (sacar a lingua, movela en diferentes direccións...) Exercicios de sopro (con globos, matasogras, pompas de xabón...)

3. **Enriquecer o seu vocabulario**; ensinándolle o nome das partes do corpo, prendas de vestir, cousas da casa, nomes de animais...

4. **Dar tempo ao neno/a para que poida expresarse**, escoitándoo con paciencia e interese. Deixar que se exprese libremente non respondendo por el, nin interrompendo as súas respostas para corrixilas.

5. **Falarlle moito, de forma correcta** e utilizando respostas claras e concretas, evitando na medida do posible as respostas "comodín" como *si, non, vale...*

6. **Na preparación das comidas** procurar unha alimentación saudable e que favoreza a mastigación dos alimentos co fin de estimular o movemento da mandíbula, lingua e beizos, esenciais para unha articulación correcta das palabras.

EVITAR!!!

- **Corrixilos continuamente**
- **Empregar unha linguaxe excesivamente infantilizada.**
- **Repetir os erros co pequeno/a por moi graciosos ou simpáticos que parezan.**
- **O emprego frecuente de diminutivos: librito, comidita... ou (libriño, comidiña)**
- **Designacións abreviadas como guau por can, popó por coche...**

ALIMENTACIÓN

Favorecer a mastigación para estimular a mandíbula, a lingua e os beizos.

Retirar o biberón, o exceso deste pode producir caries.

Retirar o chupete, a partir dos 3 anos pode ter efectos negativos (no padal, nos dentes...) Existen contos e información en internet que axudan a levar con éxito a retirada do chupete.

Comer so/a (merenda) e comenzar a abrir tapas...

Antes de empezar no colexio, ter uns horarios de comida (especialmente facer un bo almorzo) e tamén horario de sono.

SONO

Durmir entre 10-12 horas, xa que inflúe na aprendizaxe.

Facer sesta (1 hora)

HIXIENE E CONTROL DE ESFÍNTERES

Ensinar a soarse so/a.

Retirar o cueiro, deben ir sos/as ao baño e limpase, tirar da cadea e lavar as mans. (a partir dos 2 anos, xeralmente, soen estar preparados/as para deixar o cueiro, existen libros e información en internet sobre o tema)

AUTONOMÍA

Espirarse e vestirse, evitando: cinturóns, cordóns, botóns... mellor empregar prendas con elásticos e velcros

Axudarna casa: recoller, botar a roupa a lavar, sacar o lixo, poñer a mesa...

PARA O COLEXIO

Mandilón con puño elástico, tira de 10 cm para colgalo, botóns grandes de cores e a poder ser ollal da mesma cor.

Mochila sen rodas. Material e roupa marcada con letras maiúsculas.

Merenda, mantel, auga.

Muda (non se cambian os escapes de urina nin feces, pero recoméndase ter a muda para maior comodidade)

Non se permiten xoguetes.

FAMILIA E ESCOLA

A responsabilidade de educar é dos pais, a escola colabora. É moi importante manter unha relación boa e fluída cos mestres, e o titor/a debe ser a persona de referencia. Como mínimo deberíades manter unha entrevista trimestral para informarnos da evolución do neno/a e si fora necesario, adoptar xuntos as medidas necesarias.

Preparar emocionalmente ao neno/a ante o feito de ir ao cole, falándolle sempre en positivo de todo o que se fai e non usar a escola como ameaza ou castigo.

A familia debe estar localizable (para avisos de posibles accidentes, escapes, enfermidade...)

Aportade información relevante: é necesario que informedes ao titor/a dos aspectos que consideredes que poden ser relevantes no contexto escolar (alerxias, problemas de saúde, intolerancias alimenticias, necesidades educativas especiais e situacións familiares sobre separacións, custodias, etc) para que o centro poida adoptar as medidas oportunas.

No centro tamén contades coa figura da orientadora que vos pode asesorar na labor educativa ou nas dúbidas que teñades no proceso educativo dos vosos fillo/as e axudar a detectar dificultades ou necesidades educativas para adoptar as medidas necesarias para superalas.

OUTROS

Recoméndase como moito 1 hora diaria de televisión e media hora de (tablet ou ordenador), non exceder das dúas horas de exposición a pantallas.